

RECOMENDACIÓNS PARA O VERÁN

Algunhas das mamás preguntástesme se debían traballar os libros do 3º trimestre no verán, polo que propoño as seguintes recomendacións:

1. Ciencias Naturais e Ciencias Sociais.

Poden ler os temas 5 e 6 dos cadernos, foron os que quedaron sen dar. En 3º danse os mesmos contidos un pouco máis ampliados. Se os len e van facendo os exercicios que saiban, xa lles vai soando e resultarlles máis doado.

2. Lingua Galega e Lengua Castellana.

Estes cadernos traballarémolos para o curso que vén, farémolos de deberes. Poden aproveitar as lecturas pois é recomendable que lean todos os días.

Se vos parece ben, seguir co caderno 2B de “Escribir es fácil si sabes cómo”.

3. Matemáticas.

Quedaron tres temas pendentes. Hai conceptos que deben ser explicados e manipulados, como as medidas de peso e capacidade, polo que se traballarán no vindeiro curso. Do libro poden facer os exercicios das táboas de multiplicar: tema 10, as dos números 3,6 e 9 ; tema 11 a do 7.

As moedas e billetes de euro poden manipulalos na casa e ir aprendendo.

Repasar as horas, comentando a hora de erguerse – deitarse, comidas, visitas, xogos...

Repasar os días da semana e meses.

Saúdos e bo verán.